

BORRADOR DA ACTA DA SESION ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DIA 24 DE NOVEMBRO DE 2016.

ASISTENTES:

Presidente:

Dna. María Jesús Novo Gómez

Concelleiros:

D. Luís Rico Vereá

D. Elisardo Montero Castro

D. José Balado Casal

Secretaria-Interventora:

D.^a Rebeca Vázquez Vázquez

Na Casa Consistorial do Concello de Boimorto sendo as 13:30 horas do día vinte e catro de novembro de 2016, xúntase en sesión ordinaria, primeira convocatoria, previamente convocados para o efecto, os membros da Xunta de goberno local relacionados na marxe, baixo a presidencia da alcaldesa, Dna. María Jesús Novo Gómez.

Foron asistidos pola Secretaria-Interventora Dona Rebeca Vázquez Vázquez.

Aberta a sesión pola Sra. Alcaldesa, pásanse a tratar os asuntos incluídos na orde do día.

1.- APROBACIÓN ACTA/S SESIÓN/S ANTERIOR/ES

Por non terse repartido acta/s da/s sesión/s anterior/es, deixase sen contido este punto da orde do día ordeando a Alcaldesa pasar ao seguinte.

2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO

2.1.- RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA E ECONOMÍA , EMPREGO E INDUSTRIA RELATIVA A FOMENTO DO EMPREGO NO MEDIO RURAL (APROL RURAL)

Pola secretaria dáse conta do escrito asinado pola xefa do Servizo de Emprego e Economía Social, rexistro de entrada neste concello co nº 2408 en data 24/10/2016, no que se notifica que se concede unha subvención polo importe de 28.428,84 € para a contratación de traballadores/as desempregados/as ao abeiro da Orde de 14/07/2016.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.2.- ESCRITO DE LABAQUA EN RESPOTA AO ESCRITO RELATIVO A FACTURA DE CONTRA ANÁLISE DE BACTERIAS COLIFORMES

Pola secretaria dáse conta do escrito remitida por LABAQUA S.A., rexistro de entrada neste concello co nº 2530 en data 04/11/2016, no que se comunica que na oferta presentada conta cun apartado de incidencias de analíticas, polo que a análise realizada trátase como parte de incidencias no proceso de potabilización.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.3.- RESOLUCIÓN DA SECCIÓN DE SERVIZOS SOCIAIS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA SOBRE REINTEGRO DA SUBVENCIÓN CORRESPONDENTE A CONVOCATORIA DO PROGRAMA DE SUBVENCIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DE POLÍTICAS DE IGUALDADE ENTRE

MULLERES E HOMES E DE LOITA CONTRA A VIOLENCIA DE XÉNERO NO ANO 2015.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola Sección de Servizos Sociais, rexistro de entrada neste concello co nº 2536 en data 07/11/2016, no que se resolve a incoación do procedemento do reintegro da subvención “Co-relacionanos en igualdade (Desenvolvemento de políticas de igualdade entre mulleres e homes e de loita contra a violencia de xénero)” por importe de 1.548,80 €.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan solicitar a técnica de intervención familiar-psicóloga informe sobre a non execución da subvención.

2.4.- COMUNICACIÓN DA S.A. DE XESTIÓN DO PLAN XACOBEO SOBRE O SERVIZO DE ATENCIÓN AO PEREGRINO, LIMPEZA E COBRO NOS ALBERGUES.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido polo director Xerente da S.A. de Xestión do Plan Xacobeo, rexistro de entrada neste concello co nº 2564 en data 09/11/2016, no que se comunica que a empresa adxudicataria polo período de dous anos dende o 09/11/2016 para o servizo de atención ao peregrino, limpeza e cobro nos albergues foi CLECE S.A. con CIF A80364243. Sendo esta empresa a que desenvolverá as labores de cobro, co fin de xestionar as caixas resultantes, así como os ingresos bancarios das mesmas e a execución dos procedementos de control que fixe o .S.A. de Xestión do Plan Xacobeo.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.5.- RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL RELATIVA A AXUDA PARA INVESTIMENTO NA MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS E DO EQUIPAMENTO DAS ESCOLAS INFANTÍS 0-3 ANOS E DOS PUNTOS DE ATENCIÓN A INFANCIA.

Pola secretaria dáse conta do escrito remitido pola directora xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, rexistro de entrada neste concello co nº 2616 en data 16/11/2016, no que se comunica a concesión da axuda para o investimento na mellora das infraestruturas e do equipamento para o Punto de Atención a Infancia, por importe de 8.240 €, cofinanciada polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo FEDER Galicia 2014-2020.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

2.6.- RECURSO POSTESTATIVO DE REPOSICIÓN INTERPOSTO POLA EMPRESA MOONOFF, S.L. EN RELACIÓN O CONTRATO MELLORA DE EFICIENCIA ENERXÉTICA EN ALUMEADO PÚBLICO”

Pola secretaria dáse conta do recurso postestativo de reposición interposto por D. Diego Mata Tojo en representación da empresa MoonOff, S.L., rexistro de entrada neste concello co nº 2524 en data 03/11/2016, en relación o contrato “Mellora da eficiencia enerxética en alumeado público” no Concello de Boimorto no que solicita a admisión do recurso postestativo de reposición contra o acto de acordo a incautación da garantía constituída pola empresa para a execución do contrato antedito.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as e acordan solicitar informe xurídico.

3.- LICENZAS, PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.1.-LICENZAS

3.2. PERMISOS E AUTORIZACIÓNS

3.2.1.- BAIXA NO SERVIZO DE SUBMINISTRO DE AUGA.

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello 2684, con data 23/11/2016 presentada por D. Ramiro Novo Senín DNI 76475231R, con domicilio a efectos de notificación en Lg. Cimadevila núm. 3, parroquia de Boimil, 15816 Boimorto, na que expón que non reside en dita vivenda e solicita a baixa no padrón fiscal de subministro de auga e na recollida de lixo.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora da taxa de subministro de auga e vista a ordenanza fiscal nº 6 reguladora da taxa por recollida de lixo.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Dar de baixa o recibo e contador de auga número 06721302 que figura a nome de D. Ramiro Novo Senín, correspondente ao inmovible sito no lugar de Cimadevila, 3 Boimil, na elaboración do padrón fiscal correspondente ao primeiro trimestre do exercicio 2017.

SEGUNDO.- Comunicarlle ao interesado que aos efectos de acreditar a imposibilidade de recibir o servizo de recollida de lixo será necesario acreditar que a vivenda se encontra dado de baixa nos servizos de subministro de electricidade, auga ou declarado en ruína, informándolle que a falta de utilización do inmovible non lle exime do paga da taxa.

TERCEIRO.- Notifíquese o presente acordo ó interesado xunto co réxime de recursos e e ao encargado de servizos municipais para que proceda ao corte de subministro de auga do inmovible sito no lugar de Cimadevila, 3, parroquia de Boimil, deste termo municipal.

4.- URBANISMO, OBRAS E SERVIZOS

4.1.- URBANISMO

Advirte a secretaria interventora sobre que a non constancia nos expedientes de comunicación previa sobre a legalidade dos inmoables (construcións) sobre as que realizar obras solicitadas, legalidade por ter licenza ou ben darse o caso de declaración de fora de ordenación pasados os prazos fixados legalmente para a incoación e resolución de expediente de reposición da legalidade urbanística vulnerada, o que leva a advertir que non poderían autorizarse obras novas sobre construcións ilegais que previamente deberían ser obxecto de expediente de reposición da legalidade urbanística sen prexuízo do inicio e resolución no seu caso de expediente sancionador urbanístico.

4.1.1.- LICENZA DE OBRA MAIOR (LO 7/2016) PARA REHABILITACIÓN DA CUBERTA DE DOUS GALPÓNS NO LUGAR DE REGO DO SEIXO PARROQUIA DE BOIMORTO, TRAMITADA A INSTANCIA DE D. JORGE SÁNCHEZ SÁNCHEZ.

Visto o expediente da solicitude de licenza urbanística de obra (OB-001), tramitado a instancia de D. Jorge Sánchez Sánchez con DNI nº 76514992H, e domicilio a efectos de notificacións en Lg. Rego do Seixo, parroquia de Boimorto, 15817 Boimorto, solicitude con rexistro de entrada no concello co nº 2505 en data 03/11/2016, para realizar as obras de rehabilitación da cuberta de dous galpóns no lugar de Rego do Seixo, parroquia de Boimorto, Referencia catastral do inmovible: 000200200NH76A0001YE, consonte ao proxecto técnico achegado coa solicitude, redactado polo enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López, colexiado número 1049 e visado polo colexio oficial de enxeñeiros técnicos agrícolas de A Coruña-Pontevedra co número 20160536; parcela clasificada no PXOM de Boimorto como solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo.

Visto o informe do Servizo Provincial da Coruña, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 12/05/2016 no que se indica que ao estar as obras en solo clasificado como urbanos aos efectos da lei de estradas de Galicia e fóra da zona de dominio público da estrada AC-234, a competencia para outorgamento da autorización é municipal.

Vista a resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural, rexistro de entrada 2504 en data 02/11/2016, sobre a intervención no Camiño de Santiago, autorizando as obras e sinalando o cumprimento de diferentes condicións.

Visto o informe do Servizo Provincial da Coruña, da Consellería de Infraestruturas e Vivenda de data 12/05/2016 comunicando que as obras a realizar se localizan fóra da zona de dominio público da estrada AC-234.

Visto o informe técnico favorable de outorgamento de licenza de data 03/11/2016 dos servizos técnicos municipais por D. Ángel Delgado Cid, no que se sinala que se deberán cumprir as condicións impostas na Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

Visto o informe de Secretaría de 24/11/2016 coas advertencias nel contidas.

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Conceder coas condicións sinaladas neste acordo e no documento xeral de licenza, salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros, licenza de obra a D. Jorge Sánchez Sánchez con DNI nº 76514992H (LO 7/2016), para executar as obras de rehabilitación da cuberta de dous galpóns no lugar de Rego do Seixo, parroquia de Boimorto (solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo), conforme á solicitude e documentación indicada nos considerandos deste acordo, sendo o director de obra o enxeñeiro técnico agrícola D. Javier López López.

SEGUNDO.- Someter a licenza de obras maior ás seguintes condicións:

.- Outórgase a presente licenza salvo dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

.- Sen prexuízo doutras autorizacións sectoriais.

.- As obras a realizar consistirán en:

.- Galpón 1: Superficie 40 m² cuberta a unha auga e altura máxima 2,75 m

.- Galpón 2: 73 m², cuberta a unha auga e altura máxima de 4,15 m

.- As obras deberán cumprir as condicións sinaladas na Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural.

.- De conformidade co disposto no artigo 17.3 da RDUG será requisito indispensable nas obras maiores a colocación do cartel indicador no que se faga constar o nome e apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos ós que se vai destinar a construción, a data de expedición da licenza, o prazo de execución das obras, o número de plantas autorizadas e o número de expediente.

.- As obras deberán comezarse no prazo máximo de seis meses e rematarse no prazo de tres anos contados desde a data de outorgamento da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses (artigo 145 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia).

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos

1º.- LO 7/16

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 6.869,25 €uros.

Liquidación 2%: **137,38 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo ao interesado indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.2.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 16 de novembro de 2016 (RE núm. 2615) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María del Mar Lage Rodríguez
DNI:	78782253P
Domicilio:	Lg. Vila núm. 2 - Rodieiros 15816 Boimorto

Datos da obra:

Obxecto:	Recollida de augas pluviais e vertido a cuneta ao marxe contrario da pista
Situación:	Lg. Vila núm. 2 - Rodieiros 15816 Boimorto
Referencia catastral:	001200500NH76B0001XS
Orzamento de execución:	230 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de expansión de núcleo
Autorización sectoriais:	Non precisa
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 21 de novembro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que **se coidara especial atención ao corte da estrada, establecendo a sinalización precisa que garanta a seguridade do tráfico e dos peóns. Ademais a reposición da calzada realizarase cos mesmos materiais que presenta a estrada na actualidade.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobado a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 230,00 €uros

Liquidación 2%: **4,60 €uros**

CUARTO.- Comunicar que debe depositar unha fianza por importe de **120,00€**, con anterioridade á data prevista de realización da obra para garantir a reposición da calzada.

QUINTO.- Notificar o presente acordo Dña. María del Mar Lage Rodríguez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

4.1.3.- COMUNICACIÓN PREVIA DE EXECUCIÓN DE OBRA MENOR CP-004

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 6 de outubro de 2016 (RE núm. 2288) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Vicente Pazos Buján
DNI:	33156973N
Domicilio:	Plaza da Universidade, 7 2ª 15704 Santiago de Compostela

Datos da obra:

Obxecto:	Substitución puntual de material de cuberta de vivenda
Situación:	Lg. Boavista - Dorneá 15816 Boimorto
Referencia catastral:	15010A508002760001KE
Orzamento de execución:	3.767,50 €uros
Cualificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario denso
Autorización sectoriais:	Servizo Provincial Consellería de Infraestruturas e Vivenda (AC-840)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Ángel Delgado Cid, de data 7 de novembro de 2016)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) e na Lei 9/2013, do 19 de decembro, de emprendemento e de competitividade económica de Galicia (LECG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa aos datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 194.5 da LOUG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento ao informado polo técnico municipal no sentido de que **se terán en conta as condicións impostas na autorización do Servizo Provincial da coruña da Consellería de Infraestruturas e Vivenda.**

SEGUNDO.- Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

TERCEIRO.- Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 3.767,50 €uros

Liquidación 2%: **75,35 €uros**

CUARTO.- Notificar o presente acordo D. Vicente Pazos Buján indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

5.- ASUNTOS ECONÓMICOS

5.1.- APROBACIÓN DE FACTURAS

A Xunta de Goberno Local en exercicio de competencia delegada pola Alcaldía Presidencia por unanimidade **ACORDOU:**

ÚNICO.- Aprobar as seguintes facturas:

Nº Factura / Data	Titular NIF/CIF	Descrición	Importe
4001876328-	Sociedad Estatal Correos	Franqueo pagado mes de setem-	

30/09/16	y Telégrafos, S.A. / ESA83052407	bro 2016	222,81 €
3342788172- 01/10/16	Schindler, S.A. / A- 50001726	Mantemento ascensores mes outubro 2016	245,63 €
3342847394- 17/10/16		Mantemento ascensores mes se- tembro 2016	245,63 €
3342850168- 01/11/16		Mantemento ascensores mes no- vembro 2016	245,63 €
OFFV163054- 30/09/16	Ofireyco, S.L. / B15342702	Subministro material oficina - Funda multitaladro	363,00 €
461/16-07/10/16	Ana Varela Urrutia / 33237935Z	Subministro dun nebulizador pa- ra a residenciaP de persoas mai- ores	79,00 €
8500000152- 30/09/16	Alimentación Saludable Gallega, S.L. / ESB27831783	Servizo comidas residencia de persoas maiores e centro de día mes setembro 2016	5.660,52 €
D01 9862-29/09/16	Peycar Pontevedra, S.L. / B36112043	Indumentaria para o persoal pro- grama PEL Deputación	27,23 €
A/117-2016- 30/09/16	Galivalia Consulstgo S.L. / B70241088	Contrato de servizos de actuali- zación, execución e aplicación do convenio colectivo, acordo regulador e RPT-mensualidade de setembro.	1.008,33 €
A/127-2016- 31/10/16		Contrato de servizos de actuali- zación, execución e aplicación do convenio colectivo, acordo regulador e RPT-mensualidade de outubro. Adx. Contrato menor Decreto 237/2016 de 30/06/16	1.008,33 €
A 3408-09/09/16	Autos Rico, S.L. / B15157357	Servizo de transporte a Cerceda e regreso. Excursión a Aquapark o día 5/08/2016	165,00 €
16/00288-14/10/16	3C Calidad y Control S. Coop. Galega / F70380167	Servizo control de calidade das obras de mellora de camiños municipais de acceso a explota- cións agrarias PDR 2016	602,58 €
Emit- 20-23/11/16	Zifra Ingenieria, S.L.U. / B70396216	Prestación do servizo de elabora- ción de estratexia ambiental sos- tenible en materia de adaptación ao cambio climático. Subv. Xun- ta Consellería de Medio Am- biente e Ordenación do Territo- rio	6.428,57 €
06B/103-30/09/16	Coregal Parques e Xardíns, S.L. / B15731797	Mantemento zonas verdes mes setembro 2016	1.996,50 €
06B/16-30/10/16		Mantemento zonas verdes mes outubro 2016	1.996,50 €
2016/2450-30/09/16	Sociedade Galega do Me- dio Ambiente, S.A. / ESA15379803	Tratamento residuos urbanos mes setembro 2016	5.137,39 €
0101-1601193- 30/09/16	Cogami Reciclado de Ga- licia, S.L. / B15467962	Recollida de residuos do 01/09/16 ao 30/09/16	95,36 €

1177029458-06/10/16	Labagua, S.A. / ESA03637899	Servizo de análise abastecemento de auga mes setembro 2016	464,25 €
3.781-26/10/16 3.780-26/10/16 3.864-02/11/16	Hotel Balneario de Compostela, S.L. / B-15912868	Visita balneario o 26/10/16 Visita balneario o 19/10/16 Visita balneario o 02/11/16 Subvención termalismo social subvención Deputación 2016	345,00 € 330,00 € 375,00 €
51-16/10/16	Iniciativas Turísticas y Deportivas, S.L. / B15848161	Prestación do servizo de socorrismo na piscina municipal dende o 21 ao 31 de agosto. Adx. Contrato menor Decreto 346/2016 de 19/08/2016	1.623,82 €
66/16-25/10/16	Cerne Ingeniería, S.A. / A-15056468	Honorarios por asistencia técnico-urbanística mes outubro 2016	2.000,00 €

5.2.- SOLICITUDES SERVICIO DE FISIOTERAPIA E PODOLOXÍA

Visto informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

<<INFORME SOCIAL

INSTITUCIÓN: Concello de Boimorto. Servizos sociais

INFORME EMITIDO POR: M^a Esther Vidal Pandelo

DATA DO INFORME: 24/11/2016

DIRIXIDO A: XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vista a solicitude presentada en tempo e forma, proponse á Xunta de Goberno Local que sexa beneficiaria do servizo de fisioterapia a seguinte persoa segundo a valoración técnica que se sinala:

1.- ISABEL JIMENEZ SANTAELLA - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do artigo 3*

2.- JOSÉ LORENZO SARMIENTO - FISIOTERAPIA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*
- c) *Concurren os requisitos do artigo 3*

3.- VICTORINA SÁNCHEZ RODRÍGUEZ - PODOLOXÍA

VALORACIÓN TÉCNICA

- a) *Consta informe médico que acredita necesidade*
- b) *Non consta minusvalía nin resolución de dependencia*

c) *Concurren os requisitos do artigo 3*

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta do Goberno Local resolva o que se estime oportuno.>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.- Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a Isabel Jimenez Santaella e José Lorenzo Sarmiento e no servizo de podoloxía a Victorina Sánchez Rodríguez.

SEGUNDO.- Notificar aos beneficiarios deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de outubro, novembro e decembro de 2016. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendida polo servizo de fisioterapia e podoloxía.

5.3.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓN E FACTURA DA OBRA INCLUÍDA NO PLAN DE OBRAS E SERVIZOS 2016: MELLORA DE CAMIÑOS NAS PARROQUIAS DE SAN PEDRO DE BRATES, MERCURÍN E OUTRAS.

Vista a acta de recepción da obra subvencionada pola Deputación Provincial no marco do Plan de Obras e Servizos 2016, denominada “Mellora de camiños nas parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín e outras”, cun orzamento de adxudicación de 32.987,24 €uros, asinada en data 28/10/2016 pola Alcaldía, o enxeñeiro director de obra D. Ángel Delgado Cid e o contratista D. José Antonio Gómez Rodríguez dando comezo o prazo de garantía das obras dun ano.

Vista a certificación número un e final da citada obra de data 23/09/2016, por importe de 32.987,24 €uros, acompañada de factura por dito importe co número 1-016030 con data 5 de outubro de 2016 do adxudicatario Syr-Amg, S.L.U. con CIF nº B-15.938.780.

Advirte a secretaria o incumprimento da cláusula 29 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares pola que se rixeu esta contratación, en relación co control de calidade externo.

En uso das facultades delegada pola Alcaldía nesta Xunta de Goberno Local mediante o Decreto 167/2016 con data 24/05/2016 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA**:

PRIMEIRO.- Aprobar a certificación número un e final da obra “Mellora de camiños nas parroquias de San Pedro de Brates, Mercurín e outras” de data 23/09/2016, por importe de 32.987,24 €uros, así como a factura por dito importe co número 1- 016030 con data 05/10/2016 do adxudicatario Syr-Amg, S.L.U. con CIF B-15.938.780.

SEGUNDO.- Certificación deste acordo sexa enviada de xeito telemático á Deputación Provincial da Coruña xunto coa documentación necesaria para obter o ingreso da subvención outorgada a este Concello.

5.4.- MODIFICACIÓNS NO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR NO PRESENTE MES DE NOVEMBRO 2016

Pola secretaria dáse conta do informe emitido pola traballadora social, Dna. María Esther Vidal Pandelo de data 23/11/2016 en relación coas modificacións producidas no servizo de axuda no fogar no período comprendido entre o 26/10/2016 e o 23/11/2016 e que se transcribe literalmente:

<<María Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

1º.- Que con data do 4/11/2016 dase comenzo ó servizo por urxencia a Dona Lucía Esther Mejuto García que na súa valoración acadou unha puntuación de 32 puntos (Resolto por decreto de Alcaldía 508/2016 do 4/11/2016)

2º.- Que presentaron instancia de solicitude do servizo de axuda no fogar por libre concorrência, que pasarían a formar parte na lista de espera, Dña Pilar Monterroso López, cunha puntuación de 25 pts e Dona Mª del Carmen García Ramos, cunha puntuación de 24 puntos.

3º.- Que existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por libre concorrência por pasar dous usuarios deste servizo a ser atendidos polo servizo de axuda no fogar por dependencia Dona Engracia Vázquez Vázquez e Don Guillermo Otero Casal quedando a lista tal e como se transcribe literalmente no mes de novembro:

CRITERIOS DE VALORACIÓN					
USUARIOS DE SAF LIBRE CONCORRENCIA	Autonomía persoal	Apoio social	Situación familiar/ socialización de menores	Outros aspectos sociais	Total puntuación
Josefa Ansede López Lg. Fontiñas (As), 2, Andabao, Boimorto	32 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	44 puntos
Mercedes Carreira Vázquez Lg. Souto, Andabao, Boimorto	30 puntos	9 puntos	0 puntos	0 puntos	39 puntos
Dolores Novo Gíao Lg. Canto do Balo, Arceo, Boimorto	32 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	39 puntos
Dolores Seoane Seoane Lg. Arosa, Arceo, Boimorto	34 puntos	6 puntos	0 puntos	5 puntos	35 puntos
María Mato Méndez Lg. Outeiro, Boimorto	24 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	34 puntos
Antonio Sánchez Barreiro Lg. Casanova, Arceo	10 puntos	18 puntos	0 puntos	5 puntos	33 puntos
Antonio Gómez León Lg. Quiñoy- Rodieiros, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	4 puntos	32 puntos
Celia Cajide Rico Lg. Gárdoma, Boimil	32 puntos	0 puntos	0 puntos	0 puntos	32 puntos
Lucía Esther Mejuto García Lg. Algalía, Dormeá	24 puntos	6 puntos	0 puntos	2 puntos	32 puntos
Benigno López Vázquez Lg. Viladóniga, Boimorto	10 puntos	18 puntos	0 puntos	0 puntos	28 puntos
Mercedes Ramos Castro Rúa Gándara, Boimorto	24 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	28 puntos
Faustino Rico Rey Lg. Outeiro, Boimorto	20 puntos	3 puntos	0 puntos	0 puntos	23 puntos
Mª Josefa Mejuto Taboada Lg. Arentía, Andabao, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	4 puntos	20 puntos
Concepción Peteiro Balado Lg. Aquelavila, Buazo, Boimorto	10 puntos	3 puntos	0 puntos	5 puntos	18 puntos
Gumersinda Castro Souto Lg. Outeiro, Boimorto	5 puntos	9 puntos	0 puntos	4 puntos	18 puntos
Josefa García Lodeiro r) Castro, Corredoiras, Os Anxeles, Boimorto	10 puntos	6 puntos	0 puntos	1 punto	17 puntos
Mª del Carmen Rúa Rodríguez Lg. Outeiro, Corneda, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	4 puntos	12 puntos
Ramona García Piñeiro Lg. Torre, Andabao, Boimorto	5 puntos	3 puntos	0 puntos	1 punto	9 puntos

4º.- Que existen variacións na lista de usuarios do servizo de axuda no fogar por dependencia pola incorporación de dous novos usuarios Dona Engracia Vázquez Vázquez e Don Guillermo Otero Casal, así como o aumento de horas a Don Andrés García Balado e a Dona Aurora Novo Andrade e baixa por

marcharse a residencia municipal de Boimorto de Dona Carmen Varela Bravo, polo que a lista queda tal e como se transcribe literalmente no mes de novembro:

DEPENDENTES	
USUARIOS DEPENDENTES	GRADOS E HORAS CONCEDIDAS E EFECTIVAMENTE PRESTADAS
María Felpete Costoya Boimorto	Grado III nivel 1, entre 46 e 55 horas mensuais concedidas, 55 horas efectivamente prestadas
Leonardo Cotelo Felpete Boimorto	Grado III nivel 1, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Manuela Casal Brea Lg Souto Buazo, Boimorto	Grado III nivel 2, 56 horas mensuais concedidas, 46 horas efectivamente prestadas
Carmen García Sánchez Lg Quintas; Os Anxeles, Boimorto	Grado III nivel 1, entre 55 e 70 horas concedidas, 70 horas efectivamente prestadas
Carmen Segade Taboada Lg Campo da Lanza, Os Anxeles, Boimorto	Grado II nivel 1, 40 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
José M ^a Sánchez Cao Lg Canto do Balo, Arceo, Boimorto	Grado II, nivel 2, 20 horas mensuais concedidas (respiro saf) e efectivamente prestadas
Josefa García Seoane Lg Casás, Andabao	Grado III, 70 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas
Juan Manuel Fernández Paz Lg. Arosa, 35 – Arceo, Boimorto	Grado II, 45 horas mensuais concedidas e efectivamente prestadas.
Josefa Vázquez Espiñeira Lg. Bertomil núm. 4 - Brates	Grao II, 45 horas mensuais concedidas e só 31 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Carmen Varela Bravo Lg Gárdoma, Boimil	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 38 efectivamente prestadas
Flora Mato Lorenzo Lg. Piñeiro – Sendelle	Grao II, 21 a 45 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas.
María Segade Mella R/ Camiño de Cheda núm. 4 - Boimorto	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
María Remedios Castro Novo Lg. Lobomorto - Arceo	Grao I, máximo 20 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Teresa Agra Pampin R/ Gándara nº 52 1º - Boimorto	Grao III, 70 horas mensuais concedidas e só 22 efectivamente prestadas a petición da interesada.
Dolores Vázquez Fernández Lg. Casanova núm. 16 - Arceo	Grao II, 45 horas concedidas e efectivamente prestadas.
Andrés García Balado Lg. Aquelavila núm. 12, Buazo, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e só 56 efectivamente prestadas a petición do interesado.
José Casal Mato Lg. Piñeiro, Sendelle, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Emilia Enjamio Rodríguez Lg. Corredoiras - Ánxeles	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Concepción Lodeiro Rodríguez Rúa Roda núm. 8, Boimorto	Grao III, 70 horas concedidas e efectivamente prestadas
Jesús Barreiro Nouche Lg. Espiñeiro núm. 10, Boimorto	Grao I, 20 horas concedidas e só 10 efectivamente prestadas
Aurora Novo Andrade Lg. Coto Salgueiro núm. 11 - Ánxeles	Grao II, 45 horas concedidas e só 22 efectivamente prestadas
Jesús Cacharrón Portos Lg. Vilanova núm. 3 - Sendelle	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas
Engracia Vázquez Vázquez Lg Vilar, Sendelle	Grao II, 45 horas concedidas e 9 efectivamente prestadas a petición da interesada
Guillermo Otero Casal Lg Campo da Lanza, Os Anxeles	Grao I, 20 horas concedidas e efectivamente prestadas

5º.- Que de aprobar as solicitudes presentadas para formar parte na lista de espera do servizo de axuda no fogar de libre concorrencia esta lista quedaría do seguinte xeito a 23 de novembro 2016:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.

- 4º.- Carmen Sánchez Mata, 31 puntos.
- 5º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 6º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 7º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 8º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 9º.- Sabina Vilariño Vereá, 28 puntos.
- 10º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 11º.- Carmen Mejuto Rúa, 25 puntos.
- 12º.- Pilar Monterroso López, 25 puntos
- 13º.- Mª del Carmen García Ramos, 24 puntos
- 14º.- Carmen García Taboada, 23 puntos.
- 15º.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos.
- 16º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 17º.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 18º.- Ricardo García García, 17 puntos.
- 19º.- Josefa Quintela Abad, 17 puntos.
- 20º.-Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 21.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 22.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

Boimorto, 23 de novembro de 2016

Asdo.- María Esther Vidal Pandelo
Traballadora Social>>>>

Os membros da Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDAN:**

PRIMEIRO.- Darse por informados do contido do informe emitido pola traballadora social con data 23 de novembro de 2016.

SEGUNDO.- Aprobar a lista de usuarios aos que se lles está prestando o servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia e dependentes mencionada nos considerandos deste acordo.

TERCEIRO.- Á vista do informe emitido pola traballadora social con data 23/11/2016, incluír na lista de espera do servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia a Dna. Pilar Monterroso López (solicitude presentada en data 23/11/2016 rexistro de entrada número 2687) no posto doce e Dna. Mª del Carmen García Ramos (solicitude presentada en data 23/11/2016 rexistro de entrada número 2686) no posto trece.

CUARTO.- Aprobar e facer pública a lista de espera no servizo de axuda a domicilio de libre concorrencia no taboleiro de anuncios do Concello, ordenada por puntuación obtida na valoración da solicitude:

- 1º.- Luís López Taboada, 33 puntos.
- 2º.- Avelino Vázquez Senín, 33 puntos.
- 3º.- Antonio Gómez León, 32 puntos.
- 4º.- Carmen Sánchez Mata, 31 puntos.
- 5º.- Luís Taboada Labandeira, 29 puntos.
- 6º.- Benigno López Vázquez, 28 puntos.
- 7º.- Mercedes Ramos Castro, 28 puntos.
- 8º.- José Manuel Paz Varela, 28 puntos.
- 9º.- Sabina Vilariño Vereá, 28 puntos.

- 10º.- Elisa María Bao Castro, 25 puntos.
- 11º.- Carmen Mejuto Rúa, 25 puntos.
- 12º.- Pilar Monterroso López, 25 puntos
- 13º.- M^a del Carmen García Ramos, 24 puntos
- 14º.- Carmen García Taboada, 23 puntos.
- 15º.- Nieves Veiga Sánchez, 17 puntos.
- 16º.- María Vázquez Taboada, 17 puntos.
- 17º.- Celia Fuentes Costoya, 17 puntos.
- 18º.- Ricardo García García, 17 puntos.
- 19º.- Josefa Quintela Abad, 17 puntos.
- 20º.-Ángela Sueiro Rodríguez, 16 puntos.
- 21.- Concepción Graña Sánchez, 13 puntos.
- 22.- Dorinda Remeseiro Vigo, 10 puntos.

5.5.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE PINCHOTEO DE NADAL 2016.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo do Pinchoteo de Nadal no Centro Social de Maiores redactadas en data 23/11/2016 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<< BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO DA ACTIVIDADE CULTURAL DO PINCHOTEO DE NADAL.

1.- Concepto.

Establecemento do prezo público para a actividade de “Pinchoteo de Nadal” no Centro Social Municipal de Maiores o 21 de decembro de 2016.

Haberá pinchos para todos/as os asistentes previa inscrición. O día límite para anotarse na actividade é ata o 20 de decembro; poderanse anotar na casa do concello, no centro ou chamando ó 981 516 020. O número mínimo de participantes será de 30.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os/as que participen nesta actividade cultural organizada por este Concello. Todos os/as asistentes unha vez aboado o prezo público, conforman que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

A contía total que cada persoa deberá aboar é de 3€participante, o prezo inclúe pinchos e refrescos, baixo ningún motivo se procederá ao reembolso do importe ingresado por esta actividade.

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas bonificacións nin exencións para estas actividades.

5.- Obriga de pagamento

A obriga de pagamento do/s prezo/s públicos, regulados no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, nace dende que se inicie a prestación dos servizos ou actividades especificados no artigo 3, mediante a anotación de participación na actividade sinalada.

A actividade do magosto será o 100% ó que se completen o mínimo de persoas para que se leve a cabo a actividade.

Boimorto, 23 de novembro de 2016
A animadora sociocultural
Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da actividade cultural Pinchoteo de Nadal 2016, redactadas pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en 3€/participante.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

5.6.-CONVOCATORIA E APROBACIÓN DAS BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSION A SILLEDA PARK.

En aplicación do disposto no acordo municipal regulador dos prezos públicos por actividades, servizos culturais, deportivos e análogos no Concello de Boimorto, publicado no BOP de data 10/11/2009, con modificación publicada en BOP en data 11/05/2010. Vistas as bases para convocatoria e establecemento do prezo público con motivo da excursión a Silleda Park redactadas en data 21/11/2016 pola animadora sociocultural e que a continuación se reproducen literalmente:

<< BASES PARA ESTABLECER O PREZO PÚBLICO PARA A EXCURSIÓN A SILLEDA PARK.

1.- Concepto.

Establecemento do prezo público para a excursión á Silleda Park o día 30 de decembro de 2016.

A hora e lugar de saída do autocar o día 30 de decembro será ás 15:30 da tarde do Campo do Rosario. O prazo de inscrición remata o martes 26 de decembro. Os nenos/as menores de 12 anos deberán ir acompañados por un adulto responsable., os demais nenos/as deberán presentar autorización firmada polo titor/pai/nai responsable. O mínimo de participantes será de 25.

2.- Obrigados ao pagamento.

Están obrigados ao pagamento os/as que se beneficien desta actividade.

Todos os asistentes ou representantes de menores deberán cubrir unha solicitude de autorización de participación, na que acordanque están conformes coas bases dos prezoa públicos; polo que eximen ao Concello de calquera responsabilidade derivada da actividade.

3.- Contía

O prezo público da actividade é de 13,5€ por persoa para o Silleda Park, inclúe entrada o recinto e uso das atraccións e actividades de animación, o resto de actividades correrán a cargo de cada participante en caso de facer uso delas.

4.- Bonificacións e exencións

Non están previstas bonificacións nin exencións pois trátase dunha actividade puntual na que non se busca o fomento da participación familiar.

5.- Obriga de pagamento

A obriga do pagamento é do 100% do importe ao inscribirse.

Boimorto, 21 de novembro de 2016
A animadora sociocultural
Asdo.- Yolanda Barreiro Garea>>

A Xunta de goberno local por unanimidade **ACORDOU**:

PRIMEIRO.-Convocar e aprobar as bases de establecemento do prezo público da actividade cultural excursión a Silleda Park, redactadas pola animadora sociocultural tal e como quedan reproducidas neste acordo, establecendo os prezos públicos en 13,50€/participante.

SEGUNDO.- Dar publicidade desta convocatoria e bases aos efectos oportunos.

Ao non haber máis asuntos que tratar, a Sra. Alcaldesa remata a sesión, sendo as 14:10 minutos do expresado día. Autorízase a presente acta coa sinatura da alcaldesa e da secretaria que dá fe.

Vº. e Pr
A ALCALDESA,

A SECRETARIA,

Asdo.- María Jesús Novo Gómez